

1. Identificación da programación
Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|--------------|------------------------|---------------|
| 15021482 | San Clemente | Santiago de Compostela | 2024/2025 |

Ciclo formativo

| Código da familia profesional | Familia profesional | Código do ciclo formativo | Ciclo formativo | Grao | Réxime |
|-------------------------------|-----------------------------|---------------------------|---|------------------------------------|-------------------|
| IFC | Informática e comunicacións | CSIFC01 | Administración de sistemas informáticos en rede | Ciclos formativos de grao superior | Réxime de adultos |

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

| Código MP/UF | Nome | Curso | Sesións semanais | Horas anuais | Sesións anuais |
|--------------|-----------------------------|-----------|------------------|--------------|----------------|
| MP0375 | Servizos de rede e internet | 2024/2025 | 6 | 140 | 168 |

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

| | |
|--------------------------------|----------------------|
| Profesorado asignado ao módulo | OLGA CUERVO MIGUÉLEZ |
| Outro profesorado | |

Estado: Pendente de supervisión departamento

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O desenrolo curricular deste módulo profesional fíxose tomando como referencia o Centro educativo IES San Clemente e o ámbito produtivo da súa zona de influencia.

Os alumnos aos que está destinado pertencen ao ciclo de Administración de Sistemas Informáticos en Rede, co cal se fixo maior fincapé na parte do currículo relacionada co xestión de información en sistemas informáticos.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

| U.D. | Título | Descrición | Duración (sesións) | Peso (%) |
|------|--|--|--------------------|----------|
| 1 | Servizos de configuración automática de rede | Instalar, configurar e poñer en funcionamento un servizo de configuración automática de rede DHCP. | 20 | 10 |
| 2 | Servizos de nomes de dominio | Instalar, configurar e poñer en funcionamento un servizo de nomes de dominio DNS. | 40 | 25 |
| 3 | Servizos de transferencia de arquivos | Instalar, configurar e poñer en funcionamento un servidor de transferencia de arquivos FTP. | 15 | 10 |
| 4 | Instalación e administración de servidores web | Instalar, configurar e poñer en funcionamento un servidor web (HTTP). | 40 | 25 |
| 5 | Servizos de correo electrónico | Instalar, configurar e poñer en funcionamento un servidor de correo electrónico. | 22 | 15 |
| 6 | Servizos de novas e listas de distribución | Instalar, configurar e poñer en funcionamento un servidor de novas e listas de distribución | 10 | 5 |
| 7 | Servizos de mensaxería instantánea | Instalar, configurar e poñer en funcionamento un servidor de mensaxería instantánea. | 10 | 5 |
| 8 | Servizos de audio e vídeo | Instalar, configurar e poñer en funcionamento servidores de streaming e outros. | 11 | 5 |

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 1 | Servizos de configuración automática de rede | 20 |

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Analiza e administra servizos de resolución de nomes con garantía da seguridade do servizo. | NO |
| RA2 - Interconecta e administra sistemas en rede instalando mecanismos automatizados de configuración, e verifica a correcta asignación dos parámetros. | SI |

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.8 Implementáronse solucións de servidores de nomes en enderezos IP dinámicos. |
| CA2.1 Recoñecéronse os mecanismos automatizados de configuración dos parámetros de rede e as súas vantaxes. |
| CA2.2 Ilustráronse os procedementos e as pautas que interveñen nunha solicitude de configuración dos parámetros de rede. |
| CA2.3 Instaláronse servidores de configuración dos parámetros de rede en sistemas operativos libres e propietarios. |
| CA2.4 Preparouse o servizo para lles asignar a configuración básica aos equipamentos dunha rede local. |
| CA2.5 Configuráronse asignacións estáticas e dinámicas dos parámetros de rede. |
| CA2.6 Integráronse no servizo opcións adicionais de configuración dos parámetros de rede. |
| CA2.7 Documentáronse os procedementos realizados na administración de mecanismos automatizados de configuración dos parámetros de rede. |

4.1.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Servidores de nomes en enderezos IP dinámicos. |
| Funcionamento do servizo. |
| Asignacións: tipos. |
| Parámetros e declaracións de configuración. |

| Contidos |
|--|
| Comandos utilizados para o funcionamento do servizo. |
| Ficheiros de configuración. |
| Ferramentas gráficas de configuración. |

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|------------------------------|----------|
| 2 | Servizos de nomes de dominio | 40 |

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA1 - Analiza e administra servizos de resolución de nomes con garantía da seguridade do servizo. | NO |

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA1.1 Identifícanse e describíronse escenarios en que xurda a necesidade dun servizo de resolución de nomes. |
| CA1.2 Clasifícanse os principais mecanismos de resolución de nomes. |
| CA1.3 Describiuse a estrutura, a nomenclatura e a funcionalidade dos sistemas de nomes xerárquicos. |
| CA1.4 Instaláronse e configuráronse servizos xerárquicos de resolución de nomes en sistemas operativos libres e propietarios. |
| CA1.5 Preparouse o servizo para reenviar consultas de recursos externos a outro servidor de nomes. |
| CA1.6 Preparouse o servizo para almacenar e distribuír as respostas procedentes doutros servidores. |
| CA1.7 Engadíronse rexistros de nomes correspondentes a unha zona nova, con opcións relativas a servidores de correo e alias. |
| CA1.9 Realizáronse transferencias de zona entre dous ou máis servidores. |

Criterios de avaliación

CA1.10 Documentáronse os procedementos de instalación e configuración de servizos de resolución de nomes.

4.2.e) Contidos
Contidos

Sistemas de nomes planos e xerárquicos.

0Ficheiros de configuración.

Ferramentas gráficas de configuración

Resolutores de nomes. Proceso de resolución dun nome de dominio.

Servidores raíz, e dominios de primeiro nivel e sucesivos.

Zonas primarias e secundarias: transferencias de zona.

Tipos de rexistros.

Servidores de nomes en enderezos IP dinámicos.

Uso de reenviadores.

Resolución inversa.

Comandos relativos á resolución de nomes.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---------------------------------------|----------|
| 3 | Servizos de transferencia de arquivos | 15 |

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA4 - Instala e administra servizos de transferencia de ficheiros, e verifica que se asegure e se limite o acceso á información. | SI |

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA4.1 Estableceuse a utilidade e o modo de operación do servizo de transferencia de ficheiros. |
| CA4.2 Instaláronse e configuráronse servidores de transferencia de ficheiros en sistemas operativos libres e propietarios. |
| CA4.3 Creáronse usuarios e grupos para acceso remoto ao servidor. |
| CA4.4 Configurouse o acceso anónimo. |
| CA4.5 Establecéronse límites nos modos de acceso. |
| CA4.6 Comprobouse o acceso ao servidor en modo activo e en modo pasivo. |
| CA4.7 Realizáronse probas con clientes en liña de comandos e en modo gráfico. |
| CA4.8 Utilizouse o navegador como cliente do servizo de transferencia de ficheiros. |
| CA4.9 Elaborouse documentación relativa á instalación, a configuración e as recomendacións de uso do servizo. |

4.3.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Funcionalidade do servizo. Servidores e clientes. |
| Configuración do servizo de transferencia de ficheiros: permisos e cotas. |
| Tipos de usuarios e accesos ao servizo. |

| Contidos |
|--|
| <p>Modos de conexión do cliente.</p> <p>Tipos de transferencia de ficheiros.</p> <p>Utilización do servizo en modo texto. Comandos</p> <p>Utilización de ferramentas gráficas.</p> |

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 4 | Instalación e administración de servidores web | 40 |

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|---|----------|
| RA3 - Administra servidores web configurando o servizo de acordo coas necesidades de uso. | SI |

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA3.1 Descríbense os fundamentos e os protocolos en que se basea o funcionamento dun servidor web. |
| CA3.2 Instaláronse e configuráronse servidores web en sistemas operativos libres e propietarios. |
| CA3.3 Ampliouse a funcionalidade do servidor mediante a activación e a configuración de módulos. |
| CA3.4 Creáronse e configuráronse sitios virtuais. |
| CA3.5 Configuráronse os mecanismos de autenticación e control de acceso do servidor. |
| CA3.6 Obtivéronse e instaláronse certificados dixitais. |
| CA3.7 Establecéronse mecanismos para asegurar as comunicacións entre cliente e servidor. |

Criterios de avaliación

CA3.8 Realizáronse probas de monitorización do servizo.

CA3.9 Analizáronse os rexistros do servizo para a elaboración de estatísticas e a resolución de incidencias.

CA3.10 Elaborouse documentación relativa á instalación, a configuración e as recomendacións de uso do servizo.

4.4.e) Contidos
Contidos

Características xerais dun servidor web.

0Navegadores web: parámetros de aparencia e uso.

Rexistro e configuración.

[Proxies inversos e balanceadores de carga.](#)

Protocolo HTTP.

Tipos MIME.

Configuración básica dun servidor web

Módulos: instalación, configuración e uso.

Hóspedes (hosts) virtuais: creación, configuración e uso.

Autenticación e control de acceso.

Protocolo HTTPS

Certificados. Servidores de certificados.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--------------------------------|----------|
| 5 | Servizos de correo electrónico | 22 |

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA5 - Instala e administra servidores de correo electrónico aplicando criterios de configuración, de xeito que se garanta a seguridade do servizo. | SI |

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA5.1 Descríbense os protocolos que interveñen no envío e na recollida do correo electrónico. |
| CA5.2 Instalouse e configurouse un servidor de correo electrónico en sistemas operativos libres e propietarios. |
| CA5.3 Creáronse contas de usuario e verificouse o acceso a elas. |
| CA5.4 Establecéronse e aplicáronse métodos para impedir usos indebidos do servidor de correo electrónico. |
| CA5.5 Instaláronse servizos para permitir a recollida remota do correo existente nas caixas de usuario. |
| CA5.6 Usáronse clientes de correo electrónico para enviar e recibir correo desde as contas creadas no servidor. |
| CA5.7 Utilizouse a sinatura dixital e o correo cifrado. |
| CA5.8 Configurouse o servidor de correo como un servizo seguro. |
| CA5.9 Elaborouse documentación relativa á instalación, á configuración e ás recomendacións de uso do servizo. |

4.5.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Elementos do servizo de correo electrónico. Axentes. |
| 0Protocolos e servizos de descarga de correo. |
| Estrutura das mensaxes de correo electrónico. |

| Contidos |
|---|
| <p>Protocolo de transferencia de mensaxes.</p> <p>Cientes de correo electrónico.</p> <p>Contas de correo, alias e caixas de usuario.</p> <p>Servizo de correo electrónico vía web.</p> <p>Correo seguro: sinatura dixital e cifraxo de mensaxes.</p> <p>Reenvío de correo.</p> <p>Integración de módulos antivirus e filtro para correo non desexado.</p> |

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|--|----------|
| 6 | Servizos de novas e listas de distribución | 10 |

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA6 - Instala e administra servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución, de xeito que se asegure o acceso dos usuarios. | NO |

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA6.1 Descríbense os servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución. |
| CA6.4 Instalouse e configurouse o servizo de noticias. |
| CA6.5 Instalouse e configurouse o servizo de listas de distribución. |
| CA6.6 Determinouse o tipo de lista e os modos de acceso permitidos. |

Criterios de avaliación

CA6.8 Elaborouse documentación relativa á instalación, á configuración e ás recomendacións de uso dos servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución.

4.6.e) Contidos
Contidos

Características do servizo de noticias: protocolos.

Cientes gráficos de noticias.

Grupos de noticias

Características do servizo de listas de distribución: protocolos.

Tipos de listas de distribución e de acceso a elas.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|------------------------------------|----------|
| 7 | Servizos de mensaxaría instantánea | 10 |

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA6 - Instala e administra servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución, de xeito que se asegure o acceso dos usuarios. | NO |

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Criterios de avaliación

CA6.1 Descríbense os servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución.

| Criterios de avaliación |
|--|
| CA6.2 Instalouse e configurouse o servizo de mensaxaría instantánea. |
| CA6.3 Utilizáronse clientes gráficos e de texto de mensaxaría instantánea. |
| CA6.7 Creáronse contas de usuario e verificouse o acceso aos servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución. |
| CA6.8 Elaborouse documentación relativa á instalación, á configuración e ás recomendacións de uso dos servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución. |

4.7.e) Contidos

| Contidos |
|---|
| Características do servizo de mensaxaría instantánea: protocolos. |
| Cientes gráficos e en modo texto de mensaxaría instantánea. |
| Uso da mensaxaría instantánea. Normas de respecto. |

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

| N.º | Título da UD | Duración |
|-----|---------------------------|----------|
| 8 | Servizos de audio e vídeo | 11 |

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

| Resultado de aprendizaxe do currículo | Completo |
|--|----------|
| RA7 - Instala e administra servizos de audio, e adapta os formatos en función das necesidades de distribución identificadas. | SI |
| RA8 - Instala e administra servizos de vídeo, e adapta os formatos en función das necesidades de distribución identificadas. | SI |

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

| Criterios de avaliación |
|---|
| CA7.1 Describiuse a funcionalidade do servizo de audio. |
| CA7.2 Instalouse e configurouse un servidor de distribución de audio. |
| CA7.3 Instalouse e configurouse o cliente para o acceso ao servidor de audio. |
| CA7.4 Recoñecéronse e utilizáronse formatos de audio dixital. |
| CA7.5 Utilizáronse ferramentas de reprodución de audio no cliente. |
| CA7.6 Utilizáronse servizos de audio a través do navegador. |
| CA7.7 Utilizáronse técnicas de sindicación e subscrición de audio. |
| CA7.8 Elaborouse documentación relativa á instalación e á administración do servidor de audio. |
| CA8.1 Describiuse a funcionalidade do servizo de vídeo. |
| CA8.2 Instalouse e configurouse un servidor de vídeo. |
| CA8.3 Configurouse o cliente para o acceso ao servidor de vídeo. |
| CA8.4 Recoñecéronse e utilizáronse formatos de compresión de vídeo dixital. |
| CA8.5 Utilizáronse técnicas de sindicación e subscrición de vídeo. |
| CA8.6 Describíronse as características e os protocolos utilizados no servizo de videoconferencia. |
| CA8.7 Instaláronse e configuráronse ferramentas gráficas para realizar videoconferencia. |
| CA8.8 Utilizáronse ferramentas gráficas e navegadores para realizar videoconferencias. |
| CA8.9 Elaborouse documentación relativa á instalación e á administración do servidor de vídeo e do servizo de videoconferencia. |

4.8.e) Contidos

| Contidos |
|--|
| Funcionalidade do servizo de audio. |
| Formatos de audio. Códecs e reprodutores. |
| Servidores de streaming. |
| Sindicación e subscrición de audio. Podcast. |
| Funcionalidade do servizo de vídeo. |
| Formatos de imaxe. |
| Servidores de vídeo. |
| Formatos de vídeo. Códecs e reprodutores. |
| Sindicación e subscrición de vídeo. |
| Videoconferencia. |

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

5.1. Mínimos exixibles por unidade didáctica

* UD1. Servizos de configuración automática de rede.

Implementáronse solucións de servidores de nomes en enderezos IP dinámicos.

Ilustráronse os procedementos e as pautas que interveñen nunha solicitude de configuración dos parámetros de rede.

Instaláronse servidores de configuración dos parámetros de rede en sistemas operativos libres e propietarios.

Preparouse o servizo para lles asignar a configuración básica aos equipamentos dunha rede local.

Configuráronse asignacións estáticas e dinámicas dos parámetros de rede.

Integráronse no servizo opcións adicionais de configuración dos parámetros de rede.

Documentáronse os procedementos realizados na administración de mecanismos automatizados de configuración dos parámetros de rede.

* UD2. Servizos de nomes de dominio.

Identificáronse e describíronse escenarios en que surda a necesidade dun servizo de resolución de nomes.



Descríbiuse a estrutura, a nomenclatura e a funcionalidade dos sistemas de nomes xerárquicos.
Instaláronse e configúranse servizos xerárquicos de resolución de nomes en sistemas operativos libres e propietarios.
Prepárase o servizo para reenviar consultas de recursos externos a outro servidor de nomes.
Prepárase o servizo para almacenar e distribuír as respostas procedentes doutros servidores.
Engadíronse rexistros de nomes correspondentes a unha zona nova, con opcións relativas a servidores de correo e alias.
Realizáronse transferencias de zona entre dous ou máis servidores.
Documentáronse os procedementos de instalación e configuración de servizos de resolución de nomes.

* UD3. Servizos de transferencia de arquivos.

Estableceuse a utilidade e o modo de operación do servizo de transferencia de ficheiros.
Instaláronse e configúranse servidores de transferencia de ficheiros en sistemas operativos libres e propietarios.
Creáronse usuarios e grupos para acceso remoto ao servidor.
Configúrouse o acceso anónimo.
Establecéronse límites nos modos de acceso.
Comprobouse o acceso ao servidor en modo activo e en modo pasivo.

* UD4. Instalación e administración de servidores web.

Descríbense os fundamentos e os protocolos en que se basea o funcionamento dun servidor web.
Instaláronse e configúranse servidores web en sistemas operativos libres e propietarios.
Ampliouse a funcionalidade do servidor mediante a activación e a configuración de módulos.
Creáronse e configúranse sitios virtuais.
Configúranse os mecanismos de autenticación e control de acceso do servidor.
Obtivéronse e instaláronse certificados dixitais.
Establecéronse mecanismos para asegurar as comunicacións entre cliente e servidor.

* UD5. Servizos de correo electrónico.

Descríbense os protocolos que interveñen no envío e na recollida do correo electrónico.
Instalouse e configúrouse un servidor de correo electrónico en sistemas operativos libres e propietarios.
Creáronse contas de usuario e verificouse o acceso a elas.
Establecéronse e aplicáronse métodos para impedir usos indebidos do servidor de correo electrónico.
Instaláronse servizos para permitir a recollida remota do correo existente nas caixas de usuario.
Usáronse clientes de correo electrónico para enviar e recibir correo desde as contas creadas no servidor.

* UD6. Servizos de novas e listas de distribución.

Descríbense os servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución.

Instalouse e configurouse o servizo de noticias.

Instalouse e configurouse o servizo de listas de distribución.

Determinouse o tipo de lista e os modos de acceso permitidos.

*UD7. Servizos de mensaxería instantánea.

Descríronse os servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución.

Instalouse e configurouse o servizo de mensaxaría instantánea.

Utilizáronse clientes gráficos e de texto de mensaxaría instantánea.

Creáronse contas de usuario e verificouse o acceso aos servizos de mensaxaría instantánea, noticias e listas de distribución.

*UD8. Servizos de audio e vídeo.

Descríbiuse a funcionalidade do servizo de audio.

Instalouse e configurouse un servidor de distribución de audio.

Instalouse e configurouse o cliente para o acceso ao servidor de audio.

Recoñecéronse e utilizáronse formatos de audio dixital.

Utilizáronse ferramentas de reprodución de audio no cliente.

Utilizáronse servizos de audio a través do navegador.

Descríbiuse a funcionalidade do servizo de vídeo.

Instalouse e configurouse un servidor de vídeo.

Configurouse o cliente para o acceso ao servidor de vídeo.

Recoñecéronse e utilizáronse formatos de compresión de vídeo dixital.

Descríronse as características e os protocolos utilizados no servizo de videoconferencia.

Instaláronse e configuráronse ferramentas gráficas para realizar videoconferencia.

5.2. Criterios de cualificación

5.2.a. Cualificación de cada avaliación

A cualificación de cada avaliación será unha nota entre 1 e 10 e será o resultado das cualificacións obtidas polo alumnado nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles:

-- CUALIFICACIÓN DE CADA AVALIACIÓN

* Apartado A: 85%

» Instrumentos de avaliación:

- Exame da avaliación: Proba presencial que se realizará ao final do trimestre.

» Observacións:

- A proba pode estar constituída por varias partes.
- Cada parte da proba valorarase de 0 a 10 puntos.
- Para que o exame sexa superado terán que estar aprobadas todas as partes. Considérase que unha parte está superada se se acadou unha puntuación mínima de 5 sobre 10.

* Apartado B: 10%: Se non se realizasen prácticas avaliadas con entrega por parte do alumnado este 10% engádesse ao apartado A

» Instrumentos de avaliación:

- Exercicios prácticos individuais sobre os contidos das unidades didácticas do trimestre.

» Observacións:

- Cada práctica valorarase de 0 a 10 puntos con ata 3 decimais.
- As prácticas deberán ser entregadas no tempo e forma indicados antes da realización da mesma, en caso contrario puntuaranse cun 0.

* Apartado C: 5%

» Instrumentos de avaliación:

- Cuestionarios con preguntas sobre os contidos de cada unidade que se realizarán ao remate da mesma. As preguntas poderán ser de diversos tipos coma de múltiple resposta, de resposta de texto curto, etc.

» Observacións:

- Cada cuestionario valorarase de 0 a 10 puntos con ata 3 decimais.
- Os cuestionarios deberán ser entregados no tempo e forma indicados antes da realización do mesmo, en caso contrario puntuaranse cun 0.

- Nota da avaliación= (Apartado A x 0.85) + (Apartado B x 0.10) + (Apartado C x 0.05)

- No caso de non solicitar prácticas a entregar, é dicir só se realizan prácticas guiadas sen entregas, a nota da avaliación calcularase do seguinte xeito:

Nota da avaliación= (Apartado A x 0.90) + (Apartado C x 0.1)

-- AVALIACIÓN FINAL DO CURSO

- Alumnado con todas as avaliacións superadas:

A calificación final será a media ponderada das unidades didácticas tendo en conta os seguintes pesos:

25% UD1: Servizos de nomes

15% UD2: Servizos de configuración de equipos

10% UD3: Servizo FTP

27% UD4: Servizo Web

15% UD5: Servizo de correo electrónico

03% UD6: Servizo de listas de correo



02% UD7: Servizo de mensaxería Instantánea

03% UD8: Servizo de Audio e vídeo

- Alumnado con algunha avaliación non superada:

* En caso de non aprobar algunha avaliación, a nota máxima que poderá recibir o alumno será un 4, aínda cando a media das tres avaliacións iguale ou supere o 5.

* Deberá realizar unha proba final presencial sobre os contidos da/s avaliación/s non superadas. A proba a realizar terá a seguinte estrutura:

PROBA FINAL: De cada avaliación suspensa farase unha proba cos seguintes apartados:

* Apartado A: 95%

» Instrumentos de avaliación:

- Proba práctica sobre os contidos estudados no trimestre.

* Apartado B: 5%

» Instrumentos de avaliación:

- Cuestionario sobre os contidos estudados no trimestre.

» Observacións:

- A este exame só se poderá presentar o alumnado que teña algunha parte pendente e só realizará as probas das avaliacións que non tivera superado anteriormente.

- Cada proba do exame valorarase de 0 a 10 puntos.

- Considérase que unha parte está superada se se acadou unha puntuación mínima de 5 sobre 10.

- Para que o exame sexa superado terán que estar aprobadas todas as partes.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para o alumnado que non superase todas as unidades do módulo antes da avaliación final do mesmo:

-Manteranse publicados todos os contidos da aula virtual e poderanse propoñer novas actividades de repaso que axuden a comprender contidos concretos do módulo, ofrecendo tamén a posibilidade de consultar calquera dúbida que os alumnos poidan ter a través das tutorías.

Entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final do módulo deixarase un período non superior a tres semanas destinado á realización destas actividades de repaso, xa que ao final do curso realizarase unha proba de recuperación. Esta proba realizarase por avaliacións, e cada alumno/a só terá que presentarse ás avaliacións suspensas. Para cada unha destas avaliacións, a proba pode ser escrita ou práctica, e a cualificación realizarase do mesmo xeito que a cualificación da avaliación ordinaria.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Avaliarase ós alumnos que perden o dereito á avaliación continua mediante varias probas a realizar nunha ou varias xornadas lectivas. Nas probas esixirase o mesmo nivel de coñecementos que se lles esixe ós alumnos que asisten a clase normalmente.

Nestas probas avaliaranse de maneira independente os contidos correspondentes a cada unidade didáctica, sendo necesario obter unha nota superior a 5 en cada unha delas para superar o módulo.

O módulo considérase superado se o alumno consegue unha puntuación de 5 ou máis puntos en todas e cada unha das probas. En caso de superación de tódalas probas, a nota final obtida no módulo será a ponderación das distintas partes.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Durante o curso irase actualizando, revisando e modificando a programación. Avaliarase a práctica docente tendo en conta a interacción co alumnado e os resultados que se obteñen.

O procedemento para a seguimento da programación didáctica será o seguinte:

- En reunión de departamento, cunha frecuencia mensual dunha reunión por mes, revisarase o cumprimento da programación e se corraxirá o que se estime oportuno: secuenciación/temporización de actividades, substitución de actividades por outras, etc.
- Teranse en conta especialmente os informes e observacións do profesor titor do ciclo e do coordinador dos estudos de informática a distancia.
- Tamén se revisará a coordinación co resto do equipo docente do grupo. Cara o curso académico seguinte, a programación reflectirá as correccións feitas froito do traballo anterior.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O comezo do curso realizarase a avaliación inicial para avaliar os coñecementos previos que os alumnos poidan ter desta materia a fin de adecuar estratexicamente o proceso de ensino-aprendizaxe. Se é necesario introduciranse adaptacións na programación do módulo, una vez coñecida a realidade dos alumnos e valorarase a necesidade de adoptar outro tipo de medidas para unha mellor atención á diversidade.

O instrumento de avaliación inicial estará baseado na experiencia profesional da profesora e terá carácter principalmente de tipo observacional para mediante as actividades propostas durante as primeiras semanas do inicio curso, comportamentos e actitudes obter unha fonte de datos que se analizará para tomar as decisións respecto á diversidade que puidera aparecer.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo educativo constitúen un continuo de atención á diversidade. Para elo, planificaranse actividades extra para aqueles alumnos aos que lles custe especialmente a consecución dalgún dos obxectivos do módulo.

Favorecerase a colaboración entre compañeiros para axudar a comprender distintos puntos de vista e reforzar o explicado na aula.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Durante o desenvolvemento do módulo teranse sempre en conta os seguintes valores:

- A responsabilidade do administrador de sistemas.

- A confidencialidade dos datos (dos usuarios e da organización). (LOPD)
- O respecto a propiedade intelectual.
- O valor da seguridade e a integridade da información.
- A importancia do rigor na análise e elaboración de informes.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Non está prevista ningunha actividade complementaria.

No caso de que ao longo do curso se celebre nas proximidades do IES algunha conferencia relacionada co módulo, valorarase a posibilidade de asistir a esta.